

bokashi 2020

CICLO DE OBRADOIROS DE AGRICULTURA ORGÁNICA

Introdución

A agricultura orgánica é unha ferramenta fundamental que temos para producir alimentos de acordo coa natureza, atendendo polo tanto aos seus ciclos vitais e aos nosos propios ao longo do ano.

Así, o outono e inverno é tempo de recollida, introspección e de pasar máis horas a cuberto mentres que, coa chegada da primavera e o verán, sentímonos máis activas e con ganas de facer cousas ao aire libre. Paralelamente, cada estación demanda uns requirimentos nutricionais e enerxéticos distintos para adaptarnos ás condicións climatolóxicas: **caldiños verdes no outono e gazpachos no verán.**

Neste contexto, a agricultura orgánica -ecolóxica- dá-nos unha oportunidade práctica e fermosa de aprender a cultivar alimentos de calidade e de tempada, que son os óptimos para cada época. E, case sen querer, **permitenos (re)sintonizar co noso entorno**, observando con calma como todo isto repercute no noso benestar.

Sobre estes alicerces, presentamos este ciclo de obradoiros de agricultura con base científica e especialmente prácticos, que desenvolveremos entre febreiro e outubro de 2020 simultaneamente co ciclo natural da terra, os cultivos e o noso corpo:

- **Aprenderemos a ver a horta como un ecosistema**, onde as múltiples interaccións entre os seres vivos e os minerais que os nutren axudan aos nosos cultivos a desenvolverse dun xeito san.
- **Afondaremos nas diferentes técnicas** de labranza, en como enriquecer os solos, como se alimentan as plantas e como sacar adiante cultivos sen apenas problemas.
- **Veremos todo o ciclo das principais plantas** utilizadas nas hortas e **dalgunhas non tan comúns** (batata, trigo sarraceno, okra, kiwano, lufa,...).

Será unha formación viva, activa e práctica, que respire ao ritmo das participantes e que responda as súas necesidades e inquedanzas.

Destinatarias

Persoas **socias e non socias de Árbore**, con e sen coñecementos previos de agricultura, interesadas en aprender a **producir en ecolóxico e/ou coñecer técnicas de labranza e cultivo tradicionais e novas** utilizadas neste eido. **Non hai límite de idade**, so precisamos que poidas seguir o curso!

Contidos e calendario

Domingos espallados, en horario de 10:00 - 14:00 en inverno, primavera e outono e de 09:30 - 13:30 en verán

Febreiro

Obradoiro 1 16/02/2020

- O deseño da finca. Introducción á permacultura.
- A planificación da horta (I): criterios a ter en conta.

Marzo

Obradoiro 2 01/03/2020

- O método biointensivo (I): construción de bancais.
- Sementeira directa e plantación de cultivos de tempada.
- Outros traballos propios da tempada.

Xuño

Obradoiro 8 14/06/2020

- A materia orgánica como elemento fundamental da fertilidade. Técnicas de compostaxe e elaboración de compost tipo bokashi.
- Traballos propios da tempada.

Obradoiro 9 28/06/2020

- A importancia dos microorganismos. Como potenciais e como reproducilos.
- Preparación de cultivo de diferentes microorganismos.
- Trampas de arroz.
- Traballos propios da tempada.

Obradoiros impartidos no local de Árbore (Vigo)

Marzo

Obradoiro 3 15/03/2020

- O viveiro de plantas (I): planificación e sementeira -en bandexas alveoladas e recipientes varios- de diversas plantas para as nosas propias hortas.

Obradoiro 4 29/03/2020

- O solo como elemento fundamental dos sistemas agrícolas. Experimentos para coñecer a nosa terra.
- A agricultura rexenerativa e a importancia das 3 "emes".

Xullo

Obradoiro 10 12/07/2020

- Preparados vexetais para as nosas hortas: plantas que curan plantas.
- Traballos propios da tempada.

Obradoiro 11 19/07/2020

- Outros preparados naturais a base de minerais.
- Traballos propios da tempada.

Obradoiros impartidos en Reboreda (Redondela)

Abril

Obradoiro 5 19/04/2020

- O viveiro de plantas (II): o repicado.
- Sistemas de rego.
- Peches e borduras vexetais. Deseño de hortas medievais.

Setembro

Obradoiro 12 06/09/2020

- A fauna auxiliar: como potenciais e como protexela.
- Traballos propios da tempada.

Obradoiro 13 27/09/2020

- O método biointensivo (II): aspectos teóricos e prácticos.
- Traballos propios da tempada.

Omítese agosto por ser período tradicionalmente vacacional.

Maio

Obradoiro 6 17/05/2020

- As flores e aromáticas na horta orgánica. Como reproducilas e usos máis frecuentes.
- Traballos propios da tempada.
- A agricultura biodinámica: conceptos básicos. A influencia da lúa.

Obradoiro 7 31/05/2020

- Modelos de rotación e asociación de cultivos.
- A planificación da horta (II): aplicación práctica do punto anterior.
- Outros traballos propios da tempada.

Outubro

Obradoiro 14 18/10/2020

- As sementes labregas: como conservalas.
- A importancia das sementes locais e técnicas de extracción.
- A planificación da horta (III): horta de inverno.

Obradoiro 15 25/10/2020

- Principais pragas e enfermidades nas nosas hortas.
- A teoría da trofobiose.
- Traballos propios da tempada.



Metodoloxía e ferramentas de apoio

- O curso ofértase como un **kit de 15 obradoiros (60 horas de formación presencial)** e por **obradoiros independentes**.
- Existirá a **posibilidade de repartir, entre as persoas asistentes ao curso completo, un pequeno lote dos produtos cultivados durante todo o ciclo de obradoiros**.
- A **reserva de praza** farase 100% efectiva **no momento de abonar** a cantidade correspondente.
- **En cada obradoiro** participarán un **mínimo de 7 persoas** e ata un **máximo de 16**.
- Os **obradoiros** celebraranse en **domingo**, en xornada **de mañá**, cunha **duración individual de 4 horas** (de 10:00 - 14:00 en inverno, primavera e outono e de 09:30 - 13:30 en verán).
- **12 obradoiros** terán lugar **nas fincas dos formadores en Reboreda (Redondela)** e **3** impartiranse no **local de Árbore en Vigo**. *Nota:* o curso non inclúe os desprazamentos ata Redondela, mais ofreceremos a posibilidade de compartir coche entre todas para reducir gastos e contaminar o mínimo.
- **Os formadores porán** a disposición das participantes **os apeiros de labranza e demais recursos necesarios** para o correcto desenvolvemento de cada taller. **As participantes virán coa súa roupa e luvas de traballo**.
- É recomendable **traer libreta e lapiceiro**, para quen guste de elaborar o seu propio caderno de campo.
- **Despois de cada obradoiro** envíanse ás participantes **os documentos formativos e arquivos de apoio** utilizados durante a xornada.
- **Entre obradoiro e obradoiro**, cada participante poderá aplicar as tarefas e técnicas aprendidas na súa propia horta. Neste senso, disporemos dun **teléfono e correo electrónico onde consultar dúbidas puntuais xurdidas na práctica individual**.
- **Existe a posibilidade de establecer sinerxias con outras iniciativas** como os obradoiros de cociña de tempada de Árbore, o intercambio de sementes dentro do grupo, obradoiros para complementar a formación do curso (poda de froiteiras, enxertos,...).

Formadores



O curso será impartido por **Belén Ferzenza** e **Xacobe Ojea**:

- **Biólogos** de formación.
- **Ecoloxistas** e activistas ambientais de convicción.
- **Labregos ecolóxicos** desde **fai 15 anos** en Reboreda (parroquia de Redondela) baixo o nome "Horta do Cadaval".
- **Divulgadores e formadores en diversos cursos de agricultura orgánica** (por exemplo, un de Extensión Universitaria na Universidade de Vigo que vai pola súa 5ª edición anual ou o de Hortas Escolares iniciado en 2014 e que continúa na actualidade).
- **Colaboradores en proxectos e asociacións de cooñente ambiental** como a Plataforma Cidadá de Redondela, o SPG 'A Gavela' e o Mercado Ecolóxico '4 Ponlas' en Pontevedra, Amigos da Terra, o Sindicato Labrego Galego ou a Rede Galega de Sementes.

POLO DEREITO HUMANO A UNHA ALIMENTACIÓN LIBRE, REGULAR, ADECUADA E SUFICIENTE :)

Se consideras que os obradoiros poden ser de interese dalgunha achegada túa, **comparte!**



árbore
Consumo Consciente Árbore, S.C.G.
López Mora 30, Baixo
36211 Vigo

Máis información

- **Na tenda de Árbore:** pregunta por **Natalia Carrillo**
- **Por teléfono:** **Greta Fábregas** (636 862 639)
- **comisionsocial@arbore.org**

Duración 60 horas

Datas Febreiro - Outubro 2020

Prazas 16

Prezos

	Por obradoiro	Curso completo	A formación sae a
Socias	17 €	255 €	4,25 €/h
Non socias	20 €	300 €	5,00 €/h

Preinscrición (é necesario facela **para avisar de que queres asistir** ao curso e **indispensable como paso previo a pagar**)

<https://forms.gle/yQ8n9Q2FYat37Prx8>

Pago

1. En efectivo ou tarxeta no mostrador da tenda de Árbore.
2. Por transferencia á conta ES93 1550 0001 2400 0093 2228 de FIARE BANCA ETICA:

- Indicar no concepto o **nome do/a alumna/a** e **os obradoiros que se están a abonar** (exemplos: 50% do curso completo, obradoiros 1 e 2,...).
- Enviar **xustificante do pago** a comisionsocial@arbore.org

	A nosa preferencia	Opción alternativa
Se fas o curso completo	50% antes do 07/02/2020 + 50% antes do 19/06/2020	Cada obradoiro ata 10 días antes da súa data de celebración
Se fas un número "x" de obradoiros	100% dos obradoiros elixidos antes do 07/02/2020	